



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

## **ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN**

**OBRA: Senda peonil Veigue-Límite Concello, incluída no POS+2022**

**Data e hora de celebración:** 21 de decembro de 2022 ás 12:00 horas

### **Lugar de celebración**

Mixta: Telemática e presencial no edificio de usos administrativos, sito na Avda. da Mariña 25-Sada

### **Asistentes**

PRESIDENTA: María Nogareda Marzoa, Alcaldesa

VOGAIS:

M.<sup>a</sup> del Carmen Seoane Bouzas, Secretaria xeral

Jaime Presas Beneyto, Interventor

Andrés Varela Parafita, Arquitecto Municipal

SECRETARIO: Pablo Vázquez Pita, Administrativo

Asiste tamén: Óscar Benito Portela Fernández, Concelleiro

### **Orde do día**

- 1.- Xustificación ofertas incursas en valores anormais
- 2.- Proposta de adxudicación

#### **1. Xustificación ofertas incursas en valores anormais**

O secretario da Mesa da conta da xustificación presentada pola empresa López y Leis SA, incursa en valores anormais, así coma do informe emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, integrante da Mesa, que se achega como anexo á presente acta, e no que se propón non dar por xustificada a oferta sinalada.

O secretario da Mesa informa igualmente de que non presentaron a xustificación requirida as empresas Eulogio Viñal Obras y Construcciones SA, e Construcciones Alejandro Martínez e Hijos SL, que tamén presentaron ofertas incursas en valores anormais.

Por todo o anterior a Mesa acorda excluír da licitación ás tres empresas mencionadas.

#### **2.- Proposta de adxudicación**

O seguinte licitador coa mellor oferta económica é SYR-AMG SL, co CIF B15938780, polo que a Mesa acorda propoñer a adxudicación do contrato á dita empresa no prezo total de 198.109,85 € (Base imponible: 163.727,15 €, IVE: 34.382,70 €).

Compróbase que a adxudicataria proposta está inscrita no ROLECE. A partir dos datos que constan no dito rexistro, compróbase que está debidamente constituída, e que cumpre os requisitos de solvencia.

Deberá requirirse ao licitador para que no prazo de sete días hábiles presente a documentación acreditativa de dispor dos medios persoais e materiais do Anexo V, de acordo co previsto na cláusula 16 do prego que rexe a licitación, de que o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, de que está ao corrente das obrigas coa AEAT, ATRIGA, Seguridade Social e IAE, así como da constitución da garantía definitiva: 5% do prezo de adxudicación sen IVE.

Eu, como Secretario, certifico con visto e praxe da Presidenta.

Pablo Vázquez Pita, Secretario da Mesa

María Nogareda Marzoa, Presidenta da Mesa